



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 30 DE MAIO DE 2013

LICENZAS

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/541/2013.- SAUGOR, SL..... LIC/104/2005 1.000 €

3.- Propostas da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativas a axudas de carácter social.

A XGL aprobou diversas axudas de carácter social para vivenda, manutención e aloxamento por un importe de 22.900 €.

4.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á corrección de erro no acordo nº 21 da sesión de data 27.12.2012 referente á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.

Corríxese o erro.

5.- Indemnización substitutiva e recoñecemento de débeda por prestación de servizos de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de Educación Infantil e primaria dependentes do Concello nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2013.

A XGL aprobou o pago destes servizos á empresa SERMASA polos traballos realizados nos meses de xaneiro, febreiro e marzo por un importe de 272.169,18 €.

6.- Indemnización substitutiva e recoñecemento de débeda por prestación de servizos de limpeza en edificios municipais nos meses de xaneiro e febreiro de 2013.

A XGL aprobou o pago destes servizos á empresa ISS FACILITY SERVICES S.A. polos traballos realizados nos meses de xaneiro e febreiro por un importe de 172.161,66 €.

7.- Indemnización substitutiva e recoñecemento de débeda por prestación de servizos para actividades lúdicas para a conciliación do programa Nadal 2011.

Neste caso a tardanza no ingreso da colaboración de "la Caixa" neste programa produciu esta situación, procedendo agora ao seu abono por un importe de 4.000 €.

8.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de modificación orzamentaria.

A XGL aprobou incoar un expediente extraxudicial de crédito por importe de 55.000 € co obxecto de poder afrontar os gastos derivados da adquisición de cableado para o alumeado público xa que os roubos deste material está provocando graves incidencias no servizo de alumeado público aos veciños.

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno Local parcela 68 do Proxecto de Expropiación para conexións exteriores Plan especial San Lázaro.

Corríxese o erro.

10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de desconsignación das parcelas 19, 34, 35, 46, 54, 69, 70 e 71 do Proxecto de Expropiación SUNP-12. Lamas de Abade.

Apróbese a proposta.

11.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á resolución do I concurso de Proxectos de Publicidade Comercial en Galego.

Apróbase a proposta.

12.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística para dar conta da concesión dunha subvención para a promoción do uso da lingua.

Deuse conta á XGL da concesión dunha axuda por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística para o mantemento e reorzamento do servizo lingüístico por un importe de 7.607 €.

URXENCIAS

- 1.- Dáse conta da solicitude do cese da directora da Área de Seguridade e Mobilidade.
- 2.- Apróbanse definitivamente as listas de admisión, de agarda e de excluídos nas escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas para o curso 2013-2014.
- 3.- Apróbase a convocatoria para a concesión de bolsas de comedor para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados de educación infantil e primaria para o curso 2013/2014.
- 4.- Dáse conta dunha baixa nunha axuda económica para manutención por deixar de cumprir os requisitos.
- 5.- Iníciase o procedemento de contratación da asistencia xurídica do Concello.
- 6.- Adxudícanse 5 obras de mellora e acondicionamento no rural dentro do plan DTC-94 da Deputación da Coruña:
 - vial San Marcos (55.643,20 euros).
 - vial Reborido-Ameixenda (66.938,97).
 - vial Marzo de Abaixo-Quintáns (79.647,40 euros)
 - vial A Sionlla de Arriba-cruce coa N-550 (9.364,44 euros)
 - melloras de gabias en cen quilómetros nas parroquias do medio rural.(142.675,56 euros)
- 7.- Adxudícase o contrato para a construción do campo de festa en Nemenzo. Financiado con fondos europeos FEADER.